

# “MIRANDO POLO GALEGO”

PATROCINADO POR

**óptica cambre**  
*Saíde para os teus ollos*

Praza Europa 5 baixo - 15660 CAMBRE, A CORUÑA - Tel./Fax: 981 676 002

1. Poden participar todos os alumnos e alumnas dos centros inscritos no Correlingua 2014 na comarca da Coruña.
2. A participación no concurso será **EN GRUPO**.
3. A animación da carreira do Correlingua consistirá no desenvolvemento de **ideas** (a través de pancartas, disfraces, cantigas...) **que contribúan a asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas e amenas e interdisciplinares**.
4. Valorarase a mensaxe, a orixinalidade e a animación que o grupo lle dea á carreira.
5. Os centros deberán formalizar **a inscrición** neste concurso enviando un correo electrónico a **correlingua@correlingua.org** antes do 2 de maio. As **inscricións** deberán ter como mínimo os seguintes datos:
  - Centro e número dos integrantes do grupo. Resumo da animación que van facer, indicando tamén o momento da carreira en que o farán (poden facelo durante toda a carreira, pero que sinalen cando menos un dos momentos). Poñemos exemplos:
    - Imos levar unhas camisetas de cor laranxa, cun lema e uns globos. (Durante toda a carreira)
    - Imos cantar unha canción “Galego, paso adiante” na saída, no Paseo Marítimo (á altura do Hotel Riazor...)
- Deste xeito o xurado poderá emitir a súa valoración máis facilmente. **O grupo deberá levar algún elemento que os diferencie** para poder localizalos no caso de gañaren o concurso.
6. O xuri estará composto pola Comisión Organizadora. A decisión do xurado será inapelábel.
- 7.- Os traballos premiados poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua. Para estes efectos os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.
8. **Haberá un único premio consistente en 3 tablets**, agasallo de Óptica Cambre. O centro gañador decidirá como as reparte entre os integrantes da animación.
9. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.